



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 8 DE FEBREIRO DO 2018.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día oito de febreiro do dous mil dezaioito, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 1 de febreiro de 2018.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 06/02/2018, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2018 – 000003
Importe total	175.439,32 €
Número de facturas	148
1ª factura.	
Emisor (Cif)	15904861Q
Importe	118,58 €
Última factura	
Emisor (Cif)	X4108013Y
Importe	120,75 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	05/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Administración (OAC) Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 2.000 l. de gasóleo calefacción para a Casa Consistorial		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.	
Informe:				
PROVEADOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.			
NIF/CIF:	B15668072			
Importe (IVE Incluído):	1.358,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	05/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 400 exemplares da obra “Anagnórise” de María Victoria Moreno, acompañada de 2 pases da súa adaptación teatral o 18/04/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL GALAXIA, S.A.	
Informe:				
PROVEADOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	EDITORIAL GALAXIA, S.A.			
NIF/CIF:	A36603314			
Importe (IVE Incluído):	2.400,00 €			
Observacións:				



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	02/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Homologación rotativo do vehículo 6054JJJ de Protección Civil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AUTOELECTRICIDAD VIGO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	AUTOELECTRICIDAD VIGO, S.L.			
NIF/CIF:	B15441330			
Importe (IVE Incluído):	266,20 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	01/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación do vehículo 6713DNF, e reparacións previas e revisións ITV dos vehículos 6054JJJ, 6198HVB e C8479C de Protección Civil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52459904D			
Importe (IVE Incluído):	1.969,07 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	01/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reposición de macetas e prantas en varios espazos axardinados municipais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.			
NIF/CIF:	B15847460			
Importe (IVE Incluído):	466,57 €			
Observacións:				

Nº Proposta		6	Data	05/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Parques e Xardíns José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reposición de luminarias no patio do CEIP O Grupo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO PAZOS, S.A.	
Informe:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	ANTONIO PAZOS, S.A.	
NIF/CIF:	A15066913	
Importe (IVE Incluído):	653,52 €	
Observacións:		

Nº Proposta	7	Data	30/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	3 reproducións a toda cor do libro Santa Isabel doado por D. Luis Cebreiro López, con encadernación e impresión de tapas, e 1 grabación en Cd conversión a pdf		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE Incluído):	381,15 €		
Observacións:			

Nº Proposta		8	Data	22/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 5 bicicletas spining seminovas para o Complexo Deportivo da Fieiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANTÉN, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MANTÉN, S.L.			
NIF/CIF:	B36938827			
Importe (IVE Incluído):	2.213,98 €			
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	02/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 4 barandillas (para substituír ás existentes) para o vaso grande da piscina do Complexo Deportivo da Fieiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SPORT EQUIPALIA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SPORT EQUIPALIA, S.L.			
NIF/CIF:	B83179416			
Importe (IVE Incluído):	738,10 €			
Observacións:				



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		10	Data	06/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá – Policía Local Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Realización de 25 análises de mostras en probas de drogas (Incl. transporte, disp. recollida, etiquetas, precintos e bolsas)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA			
NIF/CIF:	Q1518001A			
Importe (IVE Incluído):	1.790,80 €			
Observacións:				

Nº Proposta		11	Data	06/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá – Policía Local Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 40 unidades de detectores de drogas, etiquetas, precintos e bolsas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO PUGA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO PUGA, S.L.			
NIF/CIF:	B15134182			
Importe (IVE Incluído):	1.103,52 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	30/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal - Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de escaleira manual combinada de 2 tramos para a Brigada Municipal de Obras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PINTURAS ISAVAL, S.L.			
NIF/CIF:	B46069654			
Importe (IVE Incluído):	544,50 €			
Observacións:				

Nº Proposta	13	Data	06/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais – Desenvolvemento Local Mª Esther Patiño Rey - María Paz Vidal		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 2 deshumidificadores con calefacción para as aulas de formación de Cristóbal Colón		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ELECTRODOMÉSTICOS SAMPEDRO, S.L.
Informe:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	ELECTRODOMÉSTICOS SAMPEDRO, S.L.
NIF/CIF:	B15390974
Importe (IVE Incluído):	550,00 €
Observacións:	

Nº Proposta		14	Data	16 e 22/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de S.S., Prom. Soc. e Iguald. – Concellería de Cultura Mª Esther Patiño Rey - Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 3 equipos informáticos (2 con monitor e 1 sin el) para a Sal-Museo Municipal, Biblioteca Municipal e OMIC		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	INITEL INFORMÁTICA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	INITEL INFORMÁTICA, S.L.			
NIF/CIF:	B15831688			
Importe (IVE Incluído):	1.852,02 €			
Observacións:				

Nº Proposta		15	Data	06/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero de Valle		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subscripción á plataforma VLEX Jurídica (4 postos)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VLEX EDITORIAL JURÍDICA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VLEX EDITORIAL JURÍDICA			
NIF/CIF:				
Importe (IVE Incluído):	2.407,90 €			
Observacións:				

Nº Proposta		16	Data	01/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Servizos Sociais Comunitarios Mª Francisca Vidal Regueira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Contratación de seguro de accidentes e responsabilidade civil para 38 voluntarios do Departamento de Servizos Sociais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FUNDACIÓ PERE TARRÉS	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FUNDACIÓ PERE TARRÉS			
NIF/CIF:	R58003955			
Importe (IVE Incluído):	152,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	17	Data	29/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais Comunitarios Mª Esther Patiño Rey		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Contratación de servizo de autobús para traslado o día 23/02/2018 ao Museo de Pontevedra e Museo do Mar de Vigo do alumnado (Xubilados e pensionistas) de lingua e cultura galegas e de reforzo educativo	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15020308		
Importe (IVE Incluído):	297,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		18	Data	29/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais Comunitarios Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Pago de entradas (50) no Museo do Mar de Vigo do alumnado (Xubilados e pensionistas) de lingua e cultura galegas e de reforzo educativo, o día 23/02/2018		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	75,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		19	Data	29/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais Comunitarios Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gasto en concepto de imprevistos co motivo da visita, o día 23/02/2018, ao Museo de Pontevedra e Museo do Mar de Vigo do alumnado (Xubilados e pensionistas) de lingua e cultura galegas e de reforzo educativo		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	100,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	20	Data	06/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación - Conservatorio Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 2.000 litros de gasóleo calefacción para o Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- LOS ÁNGELES GAS, S.L. - GASÓLEOS BARBANZA, S.L.
Informe:			



PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	LOS ÁNGELES GAS, S.L.
NIF/CIF:	B15578289
Importe (IVE Incluído):	1.330,00 €
Observacións:	

Nº Proposta	21	Data	06/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade M ^a Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de limpeza e desinsectación de vivenza por emerxencia social (Posible síndrome de Diógenes)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GRUPO GERMANIA
Informe:	Policía Local (31/10/2017) e M ^a Francisca Vidal Regueira-Xefa Serv.Soc. Comunitarios (12/01/2018)		

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	GRUPO GERMANIA
NIF/CIF:	
Importe (IVE Incluído):	5.082,00 €
Observacións:	

Nº Proposta	22	Data	06/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade M ^a Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de desinfección, desinsectación e desratización de vivenza por emerxencia social (Posible síndrome de Diógenes)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AGRONERGA, S.L.
Informe:	Policía Local (31/10/2017) e M ^a Francisca Vidal Regueira-Xefa Serv.Soc. Comunitarios (12/01/2018)		

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	AGRONERGA, S.L.
NIF/CIF:	B36448652
Importe (IVE Incluído):	350,90 €
Observacións:	

III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO ASFÁLTICO E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA RÚA CASTELAO (AGUIÑO)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Renovación do pavimento asfáltico e instalación de rede de pluviais na rúa Castelao (Aguíño)”.


O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”.



aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 218.557,50 euros (orzamento base: 180.626,03 euros; IVE 21%: 37.931,47 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 18/01/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan a unha travesía urbana de titularidade pública, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado; que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e resulta preceptiva a autorización sectorial da Delegación Provincial de Urbanismo/CMATI (Costas de Galicia), por estar afectado parte do tramo pola servidume de Costas.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/02/2017, no que manifesta que os terreos onde se localizan as obras están clasificados segundo o PXOM como solo urbano consolidado; que está en zona de servidume de Costas, polo que é precisa autorización sectorial da Delegación Provincial de Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Costas de Galicia); que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia, adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, no que manifestan que os terreos onde se localizan os campos de fútbol nos que se realizarán as actuacións están clasificados segundo o PXOM como solo urbano consolidado; que o campo de fútbol de Aguiño está en zona de servidume de Costas, polo que é precisa autorización sectorial da Delegación Provincial de Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Costas de Galicia); e que o





concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.

- 5.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 6.- Notificación da Resolución da Directora Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, da data 16/10/2017, pola que se autoriza a realización das obras (que tivo entrada neste Concello na data 25/10/2017, co número 17.053).
- 7.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/10/2017, no que manifesta que o proxecto axústase ás condicións establecidas no informe emitido polo Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- 8.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/02/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 9.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/02/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 10.- Certificado expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 06/02/2018, de existencia de crédito no orzamento prorrogado con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.55.
- 11.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 12.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 07/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 13.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 07/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,



polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de “Renovación do pavimento asfáltico e instalación de rede de pluviais na rúa Castela (Aguíño)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 218.557,50 euros (orzamento base: 180.626,03 euros; IVE 21%: 37.931,47 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.55.


CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE BARROSAS (CARREIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo no lugar de Barrosas (Carreira)”.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.





Constan no expediente os seguintes documentos:

- 14.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 71.285,17 euros (orzamento base: 58.913,36 euros; IVE 21%: 12.371,81 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 15.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a viais integrados dentro da maia do viario municipal; que se integran dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural e, parcialmente, como solo rústico de protección ordinaria; que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e que non se precisa de autorización sectorial ningunha.
- 16.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/02/2017, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan de autorizacións nin de informes doutros organismos da administración; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia, adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.
- 17.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, no que manifestan que o proxecto afecta a varios camiños do lugar de Barrosas, na parroquia de Carreira, sendo todos eles de uso público e titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- 18.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 19.- Decreto da Alcaldía da data 28/04/2017, de emenda da deficiencia atopada no orzamento do proxecto.
- 20.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 29/05/2017, polo que se ratifica o Decreto da Alcaldía da data 28/04/2017, de emenda da deficiencia atopada no



orçamento do proxecto.

- 21.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/02/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 22.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/02/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 23.- Certificado expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 06/02/2018, de existencia de crédito no orzamento prorrogado con cargo á aplicación orzamentaria 160.609.01.
- 24.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 25.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 07/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 26.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 07/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de “Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo no lugar de Barrosas (Carreira)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 71.285,17 euros (orzamento base: 58.913,36 euros; IVE 21%: 12.371,81 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.





SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.609.01.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIVEIRA DE 2017”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar o servizo “Deseño e produción de carrozas para a cabalgata de reis de Riveira de 2017”.

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 23/12/2016, a favor da empresa “OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L” (NIF B-32425654), e o correspondente contrato asinouse na data 04/01/2017.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.200,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 15/12/2016.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos polo programador de exposicións municipal Unai González Suárez, como responsable do contrato, da data 13/12/2017, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 14/12/2017, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.200,00 euros constituída por “OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L” (NIF B-32425654), para responder da execución do contrato “DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIVEIRA DE 2017”.



4.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (PECHE DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS; IMPERMEABILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DE ARTES E PINTADO DA PISTA DE ATLETISMO DE A FIEITEIRA).”

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado “Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes e pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)”, cun orzamento total de licitación de 30.225,45 euros (orzamento base: 24.979,71 euros; IVE 21%: 5.245,74 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro 2016, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.61902, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 21/09/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 187, da data 02/10/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 20/10/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Díos na data 06/11/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) Zona de Obra O Rosal, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/10/2017, co número 16.675

2) Excavaciones Nima, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.235.

3) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.245.





4) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.373.

5) Excavaciones y Obras Marcos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 31/10/2017, co número 17.399, presentada a través da oficina de correos na data 27/10/2017.

6) Obras y Servicios Indigo, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 31/10/2017, co número 17.400, presentada a través da oficina de correos na data 27/10/2017.

7) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.536, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

8) Construcciones Anspal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.537, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

9) Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.538, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 09/11/2017, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas Zona de Obra O Rosal, S.L.U., Tarrío y Suarez, S.L, Vías y Servicios Generales, S.L, Arines Obras y Proyectos, S.L, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta.

B.- Requirir ós licitadores Excavaciones Nima, S.L, Excavaciones y Obras Marcos, S.L, Obras y Servicios Indigo, S.L, Construcciones Anspal, S.L, Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L, para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde o día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación.

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 24/11/2017, e que foron notificados por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 09/01/2018, acordou:

1ª) Dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións



observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Excavaciones Nima, S.L., Excavaciones y Obras Marcos, S.L., Construcciones Anspal, S.L. e Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.

2º) Declarar excluída da licitación á empresa Obras y Servicios Indigo, S.L., por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación.

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a celebrar o acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

<i>Licitador</i>	<i>Orzamento base (sen IVE)</i>
Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	19.609,07 €
Excavaciones Nima, S.L.	21.272,10 €
Tarrío y Suárez, S.L.	21.232,75 €
Vías y Servicios Generales, S.L.	18.734,78 €
Excavaciones y Obras Marcos, S.L.	18.747,93 €
Arines Obras y Proyectos, S.L.	18.367,58 €
Construcciones Anspal, S.L.	20.483,36 €
Oziona Soluciones de Entretenimiento,	21.232,75 €

Visto que, unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta económica presentada pola empresa "Arines Obras y Proyectos, S.L." debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 09/01/2018, acordou requirir á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificase a súa oferta.

Dentro do prazo concedido a empresa "Arines Obras y Proyectos, S.L." presentou documentación para xustificar a súa oferta económica (que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 19/01/2018 co número 815).

Con data 05/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes, pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)", no que conclúe que:

Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que na documentación presentada por Arines Obras y Proyectos, S.L. non expón motivos especialmente vantaxosos que xustifiquen a súa oferta, ó non indicar prezos dos provedores dos materiais máis importantes nin os custes fixos da forma establecida no prego, polo que non se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

E segundo o exposto propón "excluír á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L. do proceso de licitación".



Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 06/02/2018.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar excluída da licitación á empresa “Obras y Servicios Indigo, S.L.”, por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación.

SEGUNDO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/02/2018 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa como xustificación da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Arines Obras y Proyectos, S.L.”, excluíndoa, polo tanto, da licitación.

TERCEIRO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da “Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes e pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)”, do seguinte xeito:**

Orde	Licitador	Orzamento base (sen IVE)
1º	Vías y Servicios Generales, S.L.	18.734,78 €
2º	Excavaciones y Obras Marcos, S.L.	18.747,93 €
3º	Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	19.609,07 €
4º	Construcciones Anspal, S.L.	20.483,36 €
5º (ex	Tarrío y Suárez, S.L.	21.232,75 €
5º (ex	Oziona Soluciones de Entretenimiento,	21.232,75 €
7º	Excavaciones Nima, S.L.	21.272,10 €

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a empresa “Vías y Servicios Generales, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas**



particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

5.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL E CONSTRUCCIÓN DE PARQUE BIOSAUDABLE NO LUGAR DE MUIÑOS (OLEIROS)”.


Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muíños (Oleiros)”**, cun orzamento total de licitación de 70.615,55 euros (orzamento base: 58.359,96 euros; IVE 21%: 12.255,59 euros) e un prazo de execución de 1,5 meses.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro 2017, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61957, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 21/09/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 187, da data 02/10/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 20/10/2017.





Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 06/11/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) Zona de Obra O Rosal, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/10/2017, co número 16.678

2) Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/10/2017, co número 17.147.

3) HPC Ibérica, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.233.

4) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.247.

5) Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.299.

6) Globalia Urbanismo Integral, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.313.

7) Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.314.

8) Construcciones Cernadas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.333.

9) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.372.

10) Jardincelas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.465, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

11) Denuovo Punto Creativo, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.466, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

12) Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.482, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

13) Construcciones Siber Ordes, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.486, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

14) Ceta Contratas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.487, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

15) Construcciones Anspal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.489, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

16) Sergonsa Obras y Servicios, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.501, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

17) Calfensa Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.502, presentada a través da oficina de correos na data





30/10/2017.

18) Bricantel España, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.533, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

19) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.534, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

20) Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.535, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

21) Equidesa Group, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/11/2017, co número 17.556, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa sesión de data 09/11/2017, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas, Zona de Obra O Rosal, S.L.U, Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L, HPC Ibérica, S.A, Tarrío y Suárez, S.L, Globalia Urbanismo Integral, S.L, Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L, Vías y Servicios Generales, S.L, Jardincelas, S.L, Denuovo Punto Creativo, S.L, Construcciones Siber Ordes, S.L, Sergonsa Obras y Servicios, S.L, Calfensa Proyectos, S.L, Bricantel España, S.L, Arines Obras y Proyectos, S.L, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta.

B.- Requerir ós licitadores Pavimentos Noia Obras e Contratas, S.L, Construcciones Cernadas, S.L, Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L, Ceta Contratas, S.L, Construcciones Anspal, S.L, Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L, para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación.

C.- Declarar excluído da licitación á empresa Equidesa Group, S.L, por canto non presenta dentro do sobre A da súa oferta (documentación simplificada) o modelo de declaración de porcentaxe de subcontratación, incumprindo, polo tanto, o establecido no derradeiro parágrafo da cláusula 12.1.2.B: "As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas".





Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 24/11/2017, e que foron notificados por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 09/01/2018, acordou dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Pavimentos Noia Obras e Contratas, S.L., Construcciones Cernadas, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Ceta Contratas, S.L., Construcciones Anspal, S.L. e Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a celebrar o acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

<i>Licitador</i>	<i>Orzamento base (sen IVE)</i>
Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	45.812,57 €
Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.	49.900,00 €
HPC Ibérica, S.A.	49.235,74 €
Tarrío y Suárez, S.L.	46.687,96 €
Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.	46.979,76 €
Globalia Urbanismo Integral, S.L.	43.717,92 €
Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	46.900,00 €
Construcciones Cernadas, S.L.	44.297,52 €
Vías y Servicios Generales, S.L.	43.769,97 €
Jardincelas, S.L.	40.054,41 €
Denuovo Punto Creativo, S.L.	47.329,93 €
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	40.905,75 €
Construcciones Siber Ordes, S.L.	42.508,34 €
Ceta Contratas, S.L.	46.098,99 €
Construcciones Anspal, S.L.	43.769,97 €
Sergonsa Obras y Servicios, S.L.	45.155,00 €
Calfensa Proyectos, S.L.	44.937,17 €
Bricantel España, S.L.	44.099,03 €
Arines Obras y Proyectos, S.L.	41.102,92 €
Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.	42.019,17 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas empresas Jardincelas, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. e Arines Obras y Proyectos, S.L., deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 09/01/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas.



Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas as empresas “Jardincelas, S.L.” e “Arines Obras y Proyectos, S.L.”

Con data 05/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muiños (Oleiros)”*, no que conclúe que:

“Na documentación presentada por Jardincelas, S.L. expón os motivos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

A documentación presentada por Arines Obras y Proyectos, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta.

A empresa Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. non presentou documentación algunha para xustificar a súa oferta.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Jardincelas, S.L. e excluír ás empresas Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. do proceso de licitación”.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 06/02/2018.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar excluída da licitación á empresa “Equidesa Group, S.L”, por canto non presentou dentro do sobre A da súa oferta (documentación simplificada) o modelo de declaración de porcentaxe de subcontratación, incumprindo, polo tanto, o establecido no derradeiro parágrafo da cláusula 12.1.2.B do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente: *“As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas”.*

SEGUNDO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/02/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas como xustificación das súas ofertas:

- a. Considerar xustificada a oferta económica presentada por “Jardincelas, S.L.”





- b. Por non considerar suficiente a documentación presentada como xustificación da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Arines Obras y Proyectos, S.L.", excluíndoa, polo tanto, da licitación.
- c. Por non ter presentado documentación xustificativa da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.", excluíndoa, polo tanto, da licitación.

TERCEIRO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron finalmente admitidas á contratación das obras de "Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muíños (Oleiros)", do seguinte xeito:**

Orde	Licitador	Orzamento base (sen IVE)
1º	Jardincelas, S.L.	40.054,41 €
2º	Oziona Soluciones de Entretenimiento,	42.019,17 €
3º	Construcciones Siber Ordes, S.L.	42.508,34 €
4º	Globalia Urbanismo Integral, S.L.	43.717,92 €
5º (ex	Vías y Servicios Generales, S.L.	43.769,97 €
5º (ex	Construcciones Anspal, S.L.	43.769,97 €
7º	Bricantel España, S.L.	44.099,03 €
8º	Construcciones Cernadas, S.L.	44.297,52 €
9º	Calfensa Proyectos, S.L.	44.937,17 €
10º	Sergonsa Obras y Servicios, S.L.	45.155,00 €
11º	Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	45.812,57 €
12º	Ceta Contratas, S.L.	46.098,99 €
13º	Tarrío y Suárez, S.L.	46.687,96 €
14º	Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	46.900,00 €
15º	Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.	46.979,76 €
16º	Denuedo Punto Creativo, S.L.	47.329,93 €
17º	HPC Ibérica, S.A.	49.235,74 €
18º	Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.	49.900,00 €

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a "Jardincelas, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).**





De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

6.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA MIÑOTEIRO (PALMEIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)”, cun orzamento total por contrata de 131.505,93 euros (orzamento base: 108.682,59 euros; IVE 21%: 22.823,34 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/02/2016, segundo a Circular da data 08/03/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/03/2016, co número 2553).

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en outubro de 2015, foi aprobado por acordo do Pleno da Corporación Municipal adoptado na súa sesión da data 16/12/2015.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61900, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 25/08/2016.

De conformidade co establecido na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, a licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 16/09/2016.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 05/10/2016 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:





1. "Construcciones Anspal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.251.
2. "Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.253.
3. "Tarrío y Suárez, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.292.
4. "Espina & Delfín, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.305.
5. "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.311.
6. "Vías y Servicios Generales, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.321.
7. "Excavaciones Nima, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.339.
8. "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.343.
9. "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.346.
10. "Excavaciones Darío, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.349.
11. "Río Sieira, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.351.
12. "Construcciones Oñal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/09/2016, co número 12.375, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
13. "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/09/2016, co número 12.386, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
14. "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/09/2016, co número 12.437, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
15. "Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.462, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
16. "Excavaciones Pose, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.465, enviada a través da oficina de correos na data 24/09/2016.
17. "Solconor, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.471, enviada a través da oficina de correos na data 24/09/2016.
18. "Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.474, enviada a través da oficina de correos na data 24/09/2016.
19. "Obras y Viales de Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.528, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación simplificada) das ofertas



presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 20/10/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás dezanove empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres "B" de referencias técnicas de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 25/10/2016, na que despois dunha sucinta lectura da documentación aportada por cada licitador, a Mesa de Contratación acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" aos servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración (a excepción da oferta económica) que figuran no Anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 21/11/2017 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 25/10/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada. No mesmo informe tamén se indica que:

"Non se valorou a seguinte oferta por incumprir o apartado 12.2.A.b) do P.C.A.P. "Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta"":

EMPRESA	INCUMPRIMIENTO
SOLCONOR, S.L.	O importe do plan de obra non coincide co importe de

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/11/2017, acordou:

PRIMEIRO.- Declarar excluída da licitación á empresa "Solconor, S.L." por canto o importe do plan de obra incluído no sobre "B" (de referencias técnicas) da súa oferta non coincide co importe de licitación, incumprindo polo tanto o disposto no apartado b) da cláusula 12.2.A.b) do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que indica que calquera referencia neste gráfico (diagrama de Gantt ou de barras) a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta.

SEGUNDO.- Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" de referencias técnicas:

EMPRESA	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN "REFERENCIAS TÉCNICAS"						TOTAL
	A) PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 30 pts)	B) PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 10 pts)	C) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 10 pts)	D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 10 pts)	E) PORCENTAXE DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 10 pts)		
					Plan de control interno (de 0 a 1 pts)	Porcentaxe de control externo (de 0 a 9 pts)	



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	28,00	9,50	10,00	8,50	1,00	9,00	66,00
CANARGA, S.L.	27,50	9,50	10,00	8,50	0,31	9,00	64,81
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	26,50	9,50	10,00	9,00	0,50	9,00	64,50
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	27,50	9,00	10,00	8,50	0,06	9,00	64,06
EXCAVACIONES DARÍO, S.L.	25,00	8,50	9,50	8,50	0,13	9,00	60,63
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	25,00	8,00	8,00	9,50	0,63	9,00	60,13
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	8,00	9,50	9,00	0,63	9,00	58,13
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	22,50	9,50	7,50	7,50	0,13	9,00	56,13
ESPIÑA Y DELFÍN, S.L.	21,50	8,00	8,00	9,00	0,31	9,00	55,81
CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	21,00	9,00	8,00	8,00	0,19	9,00	55,19
BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	20,50	10,00	7,50	7,50	0,03	6,00	51,53
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	18,50	8,50	7,50	6,50	0,63	9,00	50,63
EXCAVACIONES POSE, S.L.	19,00	6,50	5,50	8,00	0,19	9,00	48,19
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	19,50	4,00	2,50	7,00	0,06	6,00	39,06
RÍO SIEIRA, S.L.	10,50	8,50	8,00	6,00	0,00	0,00	33,00
CARREIRA XXI CONSTRUCCIÓN Y REHABILITACIÓN, S.L.	7,50	5,00	6,00	4,00	0,06	7,50	30,06
VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	10,50	6,00	6,50	6,00	0,00	0,00	29,00
CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL, S.L.	9,00	3,00	2,00	6,00	0,06	6,00	26,06

A continuación, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, e procedeu a apertura dos sobres "C" (ofertas económicas -1ª oferta-), e a realizar o cálculo das puntuacións das ofertas, de acordo coa fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela que figura no Anexo V do Prego de cláusulas




administrativas particulares, cuxas puntuacións foron calculadas a través da aplicación informática dispoñible na Web oficial da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	VALOR ESTIMADO (IVE excluído)	PUNTUACIÓN
Construcciones Anspal, S.L.	102.000,00 €	8,82
Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	106.787,17 €	2,50
Tarrío y Suárez, S.L.	107.595,76 €	1,44
Espina & Delfín, S.L.	107.595,76 €	1,44
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	105.422,10 €	4,31
Vías y Servicios Generales, S.L.	98.802,35 €	13,05
Excavaciones Nima, S.L.	82.360,44 €	27,97
Nemesio Ordóñez, S.A.	103.074,57 €	7,41
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	94.500,00 €	17,42
Excavaciones Darío, S.L.	107.595,77 €	1,44
Río Sieira, S.L.	80.020,30 €	30,00
Construcciones Oñial, S.L.	88.016,53 €	23,05
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	103.085,43 €	7,39
Canarga, S.L.	101.074,80 €	10,05
Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	80.131,65 €	29,90
Excavaciones Pose, S.L.	100.000,00 €	11,47
Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L.	82.200,72 €	28,11
Obras y Viales de Galicia, S.L.	102.826,45 €	7,73

Acto seguido a Mesa de Contratación procedeu a realizar a clasificación provisional das ofertas, resultante da suma das puntuacións obtidas por cada licitador nos seus respectivos sobres "B", (referencias técnicas) e "C" (ofertas económicas -1ª oferta-) ofrecendo o seguinte resultado:

Nº	LICITADOR	PUNTUACIÓNS		
		Sobres "B"	Sobres "C"	Suma Total
1	Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	58,13	29,90	88,03
2	Construcciones Oñial, S.L.	55,19	23,05	78,24
3	Canarga, S.L.	64,81	10,05	74,86
4	Nemesio Ordóñez, S.A.	66,00	7,41	73,41
5	Construcciones Anspal, S.L.	64,06	8,82	72,88
6	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	64,50	4,31	68,81
7	Obras y Viales de Galicia, S.L.	60,13	7,73	67,86
8	Excavaciones Nima, S.L.	39,06	27,97	67,03
9	Río Sieira, S.L.	33,00	30,00	63,00
10	Excavaciones Darío, S.L.	60,63	1,44	62,07
11	Excavaciones Pose, S.L.	48,19	11,47	59,66
12	Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L.	30,06	28,11	58,17
13	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	50,63	7,39	58,02





14	Tarrío y Suárez, S.L.	56,13	1,44	57,57
15	Espina & Delfín, S.L.	55,81	1,44	57,25
16	Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	51,53	2,50	54,03
17	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	26,06	17,42	43,48
18	Vías y Servicios Generales, S.L.	29,00	13,05	42,05

Unha vez concluída a fase de valoración inicial, e visto o resultado anterior, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 28/11/2017, acordou abrir a fase de negociación prevista na cláusula 15.4.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións para presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira foron cursadas por medio de escritos da alcaldía da data 19/12/2017, e notificáronse por correo electrónico.

O acto público de apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) de cada licitador celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 19/01/2018, ofrecendo o seguinte resultado:

<i>Licitador</i>	<i>Oferta económica Valor estimado (sen IVE)</i>
Movimientos de Áridos y Construcciones de	80.131,65 €
Construcciones Oñial, S.L.	88.016,53 €
Canarga, S.L.	76.175,21 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	75.730,02 €
Construcciones Anspal, S.L.	65.000,00 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	74.132,39 €
Obras y Viales de Galicia, S.L.	80.512,40 €
Excavaciones Nima, S.L.	76.077,81 €
Río Sieira, S.L.	80.020,30 €
Excavaciones Darío, S.L.	80.000,00 €
Excavaciones Pose, S.L.	65.000,00 €
Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L.	82.200,72 €
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	77.708,05 €
Tarrío y Suárez, S.L.	107.595,76 €
Espina & Delfín, S.L.	73.904,16 €
Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	106.787,17 €
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	94.500,00 €
Vías y Servicios Generales, S.L.	98.802,35 €

Visto que, unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas empresas "Construcciones Anspal, S.L.", e "Excavaciones Pose, S.L." deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 19/01/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas.



Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas as empresas “Construcciones Anspal, S.L.” e “Excavaciones Pose, S.L.”

Con data 05/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro, no que conclúe que:*

“Na documentación presentada por Construcciones Anspal, S.L. expón os motivos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

A documentación presentada por Excavaciones Pose, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta”.

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcciones Anspal, S.L. e excluír á empresa Excavaciones Pose, S.L. do proceso de licitación”.*

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a realizar un novo cálculo das puntuacións das ofertas económicas, de acordo coa fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela que figura no Anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares, cuxas puntuacións foron calculadas a través da aplicación informática dispoñible na Web oficial da Excm. Deputación Provincial da Coruña, excluíndose do dito cálculo á empresa “Excavaciones Pose, S.L.”, e á vista do que, tendo en conta os antecedentes expostos.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 06/02/2018.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar excluída da licitación á empresa “Solconor, S.L.” por canto o importe do plan de obra incluído no sobre “B” (de referencias técnicas) da súa oferta non coincide co importe de licitación, incumprindo polo tanto o disposto no apartado b) da cláusula 12.2.A.b) do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, que indica que calquera referencia neste gráfico (diagrama de Gantt ou de barras) a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta.





SEGUNDO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/02/2018 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación das súas ofertas económicas:

- Considerar xustificada a oferta económica presentada por “Construcciones Anspal, S.L.”
- Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Excavaciones Pose, S.L.” excluíndoa, polo tanto, da licitación.

TERCEIRO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da “Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)”**, do seguinte xeito:

Nº	LICITADOR	PUNTUACIÓNS		
		Sobres “B”	Sobres “C”	Suma Total
1	Construcciones Anspal, S.L.	64,06	30,00	94,06
2	Nemesio Ordóñez, S.A.	66,00	24,15	90,15
3	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	64,50	25,02	89,52
4	Canarga, S.L.	64,81	23,90	88,71
5	Excavaciones Darío, S.L.	60,63	21,82	82,45
6	Obras y Viales de Galicia, S.L.	60,13	21,54	81,67
7	Espina & Delfín, S.L.	55,81	25,14	80,95
8	Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	58,13	21,74	79,87
9	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	50,63	23,07	73,70
10	Construcciones Oñial, S.L.	55,19	16,31	71,50
11	Excavaciones Nima, S.L.	39,06	23,96	63,02
12	Tarrío y Suárez, S.L.	56,13	0,86	56,99
13	Río Sieira, S.L.	33,00	21,80	54,80
14	Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	51,53	1,50	53,03
15	Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L.	30,06	20,62	50,68
16	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	26,06	11,19	37,25
17	Vías y Servicios Generales, S.L.	29,00	7,80	36,80

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a “Construcciones Anspal, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos





requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 02/02/2018 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Acondicionamento dos parques Tasca e Abesadas (Aguíño e Riveira)""**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 02/02/2018 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Pavimentación da Rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras)""**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Rocío Sanlés Costoya**, de datas 08/01/2018 e 29/01/2018 (Rexistros de entrada nº 228 e 1.255), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, no lugar de Carballo s/n, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A0033000690000KP.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 30/01/2018, visto o informetécnico favorable





emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 06/02/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Rocío Sanlés Costoya **LICENZA DE OBRAS (Nº 8/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Carballo s/n, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A0033000690000KP, nos termos do Proxecto Básico de decembro de 2017 así como do Anexo Modificado ao Proxecto Básico de xaneiro de 2018, redactados polo Sr. Manuel González González, (Arquitecto col. nº 3.145):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico e a Enxeñeira Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión en total de 182,00 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 594,59 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, cos preceptivos visados colexiais.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*





- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A





contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - COCEDERO BARRAÑAMAR, S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Conexión ao sistema urbano de saneamento das augas de cocción, e instalación dun sistema de aproveitamento da enerxía calórica de ditas augas para ser utilizada no proceso industrial.

REFª CATASTRAL: 001200200MH90H0001KY.

SITUACIÓN: Lugar de Couso Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: COCEDERO BARRAÑAMAR S.L., (CIF B.15.612.815).

DOCUMENTACIÓN: Memoria descriptiva sen asignar por técnico competente.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 158.193,44 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. Vicente Deira Lustres actuando en nome e representación da entidade COCEDERO BARRAÑAMAR S.L., (CIF B.15.612.815), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 7 de febreiro de 2017, (Rexistro de entrada nº 1.936), permiso de vertido á rede municipal para as instalacións.

SEGUNDO.- O Concello de Riveira, en resposta a esta solicitude, remite un escrito ao solicitante, de data 5 de outubro de 2017 (escrito con data do 6 de outubro de 2017, saída núm. 6.121), mediante o que lle significa o seguinte:

"

(...)

No momento actual atopámonos na fase de posta en marcha das novas instalacións do sistema de saneamento, que está levando a cabo a UTE EDAR RIBEIRA, que executou as obras, coa dirección e supervisión da entidade ACUAES, que as licitou. O coñecemento do sistema, a efectos prácticos, resulta insuficiente. De feito, existe unha problemática de xeración de olores e excesos de condutividade no novo sistema, que está sendo obxecto de seguimento e estudo para a súa corrección, incluíndo medidas como a desconexión do sistema urbano de vertidos industriais existentes.

Asemade, resulta preciso un desenvolvemento normativo fiscal que aprobe as taxas previstas no artigo 16.2, así como a aprobación, de ser o caso, dos instrumentos de control necesarios.

(...)

"

TERCEIRO.- Posteriormente polo Sr. Vicente Deira Lustres actuando en nome e representación da entidade COCEDERO BARRAÑAMAR S.L., (CIF B.15.612.815), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 18 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 19.754), licenza de obra para conectar as augas de cocción ao sistema urbano de saneamento e instalación dun sistema de aproveitamento da enerxía calórica de ditas augas para ser utilizada no proceso industrial.





CUARTO.- O Técnico Municipal de Medio Ambiente Sr. Ignacio L Fernández Veiga tras analizar o cumprimento da normativa de aplicación emite informe con sinatura dixital de data 21 de decembro 2017 no que analiza en ***sentido desfavorable*** o axuste da obra pretendida á normativa de aplicación co seguinte tenor literal:

“
(...)”

INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

ASUNTO:	SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA MAIOR PARA CONEXIÓN AO SISTEMA URBANO DE SANEAMENTO DAS AUGAS DE COCCIÓN, E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA CALÓRICA DE DITAS AUGAS PARA SER UTILIZADA NO PROCESO INDUSTRIAL
SOLICITANTE:	COCEDERO BARRAÑAMAR, S.L.
C.I.F.:	B15612815
LOCALIZACIÓN:	COUSO, AGUIÑO, RIVEIRA
REF. CATASTRAL:	001200200MH90H0001KY

1. ANTECEDENTES

Primeiro. Na data do 3 de febreiro de 2017, Vicente Deira Lustres, actuando en nome e representación da entidade Cocedero Barrañamar, S.L., presenta un escrito no Rexistro Xeral deste Concello (escrito con data do 7 de febreiro de 2017, entrada núm. 1.936), mediante o que solicita permiso de vertido á rede municipal para as instalacións da empresa Cocedero Barrañamar, S.L. na zona de Couso, Riveira, atendendo á posibilidade que recolle o artigo 16.2 da nova *Ordenanza municipal de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Riveira* (B.O.P. núm. 227, do 30 de novembro de 2017).

Segundo. O Concello de Riveira, en resposta a esta solicitude, remite un escrito ao solicitante, de data 5 de outubro de 2017 (escrito con data do 6 de outubro de 2017, saída núm. 6.121), mediante o que lle significa o seguinte: “(...) *No momento actual atopámonos na fase de posta en marcha das novas instalacións do sistema de saneamento, que está levando a cabo a UTE EDAR RIBEIRA, que executou as obras, coa dirección e supervisión da entidade ACUAES, que as licitou. O coñecemento do sistema, a efectos prácticos, resulta insuficiente. De feito, existe unha problemática de xeración de olores e excesos de condutividade no novo sistema, que está sendo obxecto de seguimento e estudo para a súa corrección, incluíndo medidas como a desconexión do sistema urbano de vertidos industriais existentes.*

Asemade, resulta preciso un desenvolvemento normativo fiscal que aprobe as taxas previstas no artigo 16.2, así como a aprobación, de ser o caso, dos instrumentos de control necesarios. (...)”

Terceiro. Na data do 18 de decembro de 2017, Vicente Deira Lustres, actuando en nome e representación da entidade Cocedero Barrañamar, S.L., presenta un escrito no Rexistro Xeral deste Concello (entrada núm. 19.754), mediante o que solicita licenza de obra para conectar as augas de cocción ao sistema urbano de saneamento, e instalación dun sistema de aproveitamento da enerxía calórica de ditas augas para ser utilizada no proceso industrial. Achega documentación.

2. DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

- Memoria descritiva das obras, sen asinar por técnico competente.

- Orzamento das obras previstas.

- Documentación gráfica:

- Consulta descritiva e gráfica de datos catastrais do inmovle,

- Plano de localización PXOM,

- Plano núm. 1 (5 follas) do documento técnico denominado “PROYECTO DE APROVECHAMIENTO DE ENERGÍA DEL AGUA DE COCCIÓN DE COCEDERO BARRAÑAMAR S.L. Y CONEXIÓN DE ESTA CON EL





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

SISTEMA URBANO DE SANEAMIENTO DE RIVEIRA (A CORUÑA)", asinado polo Enxeñeiro autor do proxecto Manuel Quintana López, de marzo de 2017.

3. OBXECTO DA SOLICITUDE

Solicítase licenza de obra para conectar as augas de cocción (alta carga) da actividade de cocedoiro de mexillón que vén desenvolvendo a empresa Cocedero Barrañamar, S.L. ao sistema urbano de saneamento, concretamente á EDAR de Riveira, localizada en Couso, así como a instalación dun sistema de aproveitamento da enerxía calórica de ditas augas para ser utilizada no proceso industrial. Preveuse a segregación da auga de cocción (alta carga) e a súa canalización ata o novo depósito de bombeo. As actuacións solicitadas consisten en conectar a nova condución co actual colector de saída do cocedoiro, na arqueta de reunión e bombeo a sistema de baruto existente. Proxectouse unha nova condución de aceiro inox. DN 150 mm de aproximadamente 75 m, para instalación en gabiá, con bombeo ata a EDAR. O trazado sairá da parcela de Cocedero Barrañamar, S.L. bordeándoa exteriormente polo lateral leste, dirección sur, atravesando a parcela de referencia catastral 15074A023000220000KI, descorrendo posteriormente no límite entre esta e a de referencia catastral 15074A023000510000KR, e por un tramo da vía de comunicación de referencia catastral 15074A023090060000KO, atravesando logo a parcela de referencia catastral 15074A023000440000KF ata chegar á EDAR e acadar o punto previsto para a conexión coa mesma, no lado sur da parcela de referencia catastral 15074A023003500000KU. Inclúe a urbanización das zonas afectadas (reposición de firmes), a adecuación de camiños... Tamén se contempla de forma complementaria a implantación dun sistema de recuperación de enerxía que tomaría as augas provenientes da cocción, con alta temperatura, na arqueta de segregación das augas e as impulsaría ata un intercambiador de placas que sería empregado para conferir maior temperatura á auga sanitaria e augas de baldeo e limpeza da instalación. Para a homoxeneización e o bombeo ata a EDAR preveuse a construción dun depósito para a auga de cocción cun volume de 96 m³ e dimensións exteriores 4 x 6 x 4 m (a x l x h), fabricado *in situ*, de formigón armado.

4. DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE

O presente expediente trasládase a este servizo para informe sobre a solicitude de licenza de obra maior para a mencionada conexión. De conformidade co previsto no artigo 143.3 da *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia*, as solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse de proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

5. ALCANCE DO INFORME

O presente informe redáctase co obxecto de comprobar se, dende o punto de vista ambiental, as actuacións pretendidas son viables e se adaptan ao previsto na normativa aplicable, así como verificar que recollan medidas de protección e correctoras adecuadas para minimizar a incidencia ambiental da actividade futura.

6. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS


Primeira. Establece o punto 2 do artigo 8 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Riveira*, ao referirse aos usuarios non domésticos da rede de saneamento, o seguinte: "(...) b) *Usuarios non domésticos: aqueles que xeran augas residuais non domésticas, entendendo por tales aquelas vertidas desde establecementos en que se efectúe calquera actividade comercial, industrial, de servizos, agrícola ou gandeira.*

Estas augas residuais, polas súas características, poden presentar nalgún momento determinado unha composición fisicoquímica, aínda que sexa accidentalmente, que supere os valores límite de emisión establecidos nesta ordenanza.

Á súa vez, os usuarios non domésticos poderanse clasificar en: (...) b.3) Usuarios industriais: os que xeran verteduras trala utilización da auga como un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción nunha actividade industrial. As características destas verteduras serán compatibles co seu transporte e depuración polas diferentes infraestruturas do sistema de saneamento.

b.4) Usuarios especiais: entenderase por usuarios especiais calquera outro non definido en puntos anteriores, incluídos os de carácter temporal. En todo caso, teñen a condición de usos especiais as verteduras provisionais por obras, feiras ou outras actividades temporais na vía pública. As características destas verteduras serán compatibles co seu transporte e depuración polo sistema de saneamento. (...)"

Segunda. Establece o artigo 12 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse aos requisitos e características básicas da acometida ao sistema, o seguinte: "1. Para a conexión dun usuario ao sistema municipal de saneamento será necesario primeiro obter o permiso de vertedura para os usuarios que





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

sinala o Artigo 14 e, unha vez obtido este permiso ou de non necesitalo, presentárase a comunicación de acometida ao sistema así como o abono das taxas fiscais correspondentes. (...)”

Terceira. Establece o artigo 14 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ás condicións para a utilización da rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. En función do tipo de usuario e da natureza das augas residuais que se incorporen á rede municipal de saneamento, están obrigados a solicitar o permiso de vertedura regulada nos artigos seguintes os usuarios especificados na seguinte táboa:

TIPO DE USUARIO		NATURZA DAS AUGAS RESIDUAIS QUE VERTE			REQUIRE PERMISO DE VERTEDURA
		Domésticas	Industriais		
			Asimilables a domésticas	Non asimilables a domésticas	
DOMÉSTICO		SI	NON	NON	NON
NON DOMÉSTICO	Comercial	SI	NON	NON	NON
	Negocios	SI	SI	NON	SI
	Industrial	SI	SI ou NON	SI	SI
	Especiais	SI ou NON	SI ou NON	SI ou NON	SI

2. Ademais, quedan obrigados a obter o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento os seguintes usuarios:

a) Os usuarios non domésticos cuxa actividade estea comprendida nas correspondentes epígrafes da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, equivalentes ás epígrafes C, D, E e F do CNAE-93, segundo os cadros de equivalencias entre a CNAE-93 e a CNAE-2009 elaborados polo Instituto Nacional de Estadística, así como aqueles outros usuarios non domésticos cuxa vertedura sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais.

b) Os usuarios cun volume de vertedura inferior a 2.000 metros cúbicos anuais pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 47.1.c) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

c) Todas as actividades que incorporen auga en proceso e/ou estean obrigadas pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, anexos I e II.

d) Os usuarios que utilicen augas cuxa procedencia non sexa da rede de abastecemento municipal.

e) Os concellos cuxa rede de saneamento municipal verta a de propiedade deste concello.

f) Outras administracións que fagan uso da rede de saneamento deste concello.

3. O resto dos usuarios cuxa actividade xere augas residuais domésticas quedan suxeitos as regulamentacións que dite a entidade xestora e, en todo caso, as prohibicións establecidas no ANEXO III.A desta ordenanza.

4. A entidade xestora poderalle esixir ao peticionario a caracterización da vertedura por un laboratorio acreditado para determinar o tipo de usuario de que se trata.

5. O permiso de vertedura outorgáraselle a cada usuario en función das características específicas do seu sector de actividade, da súa compatibilidade cos tratamentos da EDAR, do perigo do seu efluente e dos caudais de vertedura xerados, o que pode supor un aumento ou unha diminución dos valores límite dos parámetros do ANEXO IV; así:

a) A calquera actividade ou instalación poderánselle fixar valores límite diferentes dos establecidos con carácter xeral no ANEXO IV para aquelas verteduras de augas cuxas circunstancias particulares debidamente xustificadas así o permitan, así coma para os que resulten do estudo favorable mencionado no Artigo 16.2.

b) En casos particulares, poderánselle impor limitacións máis estritas en aplicación da normativa vixente en materia de avaliación de impacto ambiental, polo seu contido en substancias perigosas incluídas no ANEXO III.C, “Verteduras con substancias perigosas”, ou no ANEXO IV (os parámetros coa nota 12: Parámetros contaminantes dificilmente tratables na EDAR ou con impacto significativo sobre os obxectivos de calidade no medio receptor e os potenciais usos das augas residuais.). (...)”

Cuarta. Establece o artigo 16 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ás condicións para a utilización da rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no Artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no ANEXO V desta ordenanza.

2. Tal como establece o Artigo 13 no punto 2 alínea d) do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, poderanse establecer excepcións temporais dos requirimentos do anexo II do mencionado documento, recollidos no ANEXO IV.B desta ordenanza), sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento nun prazo determinado desde a notificación da resolución. Tamén se poderán establecer excepcións motivadas pola baixa saturación do sistema, tendentes a aproveitar ao máximo as súas capacidades de depuración e, de ser o caso,





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

delimitadas no tempo ou na carga. Polo tanto, naqueles casos nos que se incumpra algún dos límites definidos no ANEXO IV.B, poderá solicitarse a análise do sistema de saneamento para ver con que capacidade se conta para assimilar os vertidos xerados polo usuario. A estes efectos, só poderán solicitalo os usuarios que forman parte do sistema de saneamento urbano, quedando polo tanto excluídos os usuarios do sistema de saneamento industrial do Polígono de Xarás tal coma se describe no ANEXO I, e haberá que axuntar xunto co resto de documentación común da solicitude de vertedura a información descrita no ANEXO VI, tal como fai referencia o punto 4 do ANEXO V, así coma a realización do pago da correspondente taxa. En función dos resultados que se obteñan deste estudo, poderase outorgar ou non, un permiso de vertedura cuns límites distintos e incluso maiores aos establecidos no ANEXO IV.

7. VALORACIÓN

Ao respecto da documentación presentada:

De conformidade co previsto no artigo 143.3 da *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia*, as solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse de proxecto completo redactado por técnico competente.

Atendendo ao trazado deseñado para a condución de conexión, que atravesaría propiedades particulares e unha vía, será preciso que a solicitante conte coas autorizacións pertinentes dos titulares dos terreos e da vía que se prevé traspasar.

Ao respecto da viabilidade do outorgamento de licenza no momento actual:

De conformidade co establecido no artigo 12 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento* para a conexión dun usuario ao sistema municipal de saneamento será necesario primeiro obter o permiso de vertedura para os usuarios que sinala o Artigo 14.

As novas instalacións do sistema de saneamento (EDAR, novos colectores, tanques de tormenta, bombeos...) non foron recepcionadas polo Concello de Riveira. No momento actual atopámonos na fase de posta en marcha das instalacións, que está levando a cabo a UTE EDAR RIBEIRA, que executou as obras, coa dirección e supervisión da entidade ACUAES, que as licitou.

O coñecemento do sistema, a efectos prácticos, resulta insuficiente.

No caso de que sexan recepcionadas as instalacións polo Concello, resultará preciso un desenvolvemento normativo fiscal que aprobe as taxas previstas no artigo 16.2, así como a aprobación, de ser o caso, dos instrumentos de control necesarios, co obxecto de efectuar a análise do sistema e ver se conta con capacidade para assimilar os vertidos xerados polo usuario, sen que causen problemas na xestión da infraestrutura.

Ata a data a interesada non obtivo permiso municipal de vertedura.

Atendendo ao exposto, informo desfavorablemente a solicitude de licenza de obra para a conexión.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, e que someto a calquera outra mellor formada, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.

Riveira, decembro de 2017

O Técnico Municipal de Medio Ambiente,
Ignacio L. Fernández Veiga

(...)

“

FUNDAMENTOS DE DEREITO





PRIMEIRO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Memoria descriptiva sen asignar por técnico competente.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exíxirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.


Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

TERCEIRO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exíxiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou





efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

CUARTO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

QUINTO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

SEXTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas



disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico desfavorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Sr. Ignacio L Fernández Veiga con sintaura dixital de data 21 de decembro 2017, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución desfavorable emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/02/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- DENEGAR a entidade COCEDERO BARRAÑAMAR S.L. a **LICENZA DE OBRAS** solicitada para conectar as súas augas de cocción ao sistema urbano de saneamento e instalación dun sistema de aproveitamento da enerxía calórica de ditas augas para ser utilizada no proceso industrial, na zona de Couso Aguiño, Riveira





en base as motivacións contidas e especificadas no informe técnico desfavorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Sr. Ignacio L Fernández Veiga con sintaura dixital de data 21 de decembro 2017.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Andrés Suárez Pena**, de data 01/02/2018 (Rexistro de entrada nº 1.463), no que solicita certificación urbanística sobre lindes de parcela con referencia catastral nº 1110996NH0111S0001IE.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 05/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAL Nº: 1110996NH0111S0001IE

Solicítase certificación conforme unha propiedade linda polo Leste e o Sur con terreos de titularidade municipal.

Consultado o Arquivo de obras municipal, encóntrase que a nome de D^a Eva María García Miranda e Don Andrés Suárez Pena existe unha licenza de obra (283/96) para una vivenda unifamiliar, na cal e como condición previa ao outorgamento, facíase preciso a cesión a dominio e uso público da parte da parcela afectada por aliñacións, así como a urbanización da mesma. Na dita licenza se encontra o contrato de cesión a dominio e uso público subscrito polas partes interesadas.

De todo elo se deduce que a finca, actualmente, linda polo Leste coa Rúa Perú e polo Sur, con terreo de titularidade municipal.

Acompáñase fotocopia de dito contrato de cesión a dominio e uso público.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS.

1.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 06/02/2018, en relación á Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

Visto o proxecto redactado pola enxeñeira municipal D^a Uxía Landeira Pereira "Reforzo do firme da estrada de Gándara (Oleiros) - Riveira", de data xaneiro 2018, cun orzamento total, excluído o IVE, de 44.867€.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Aprobar a participación deste Concello no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

Segundo.- presentar o proxecto redactado pola enxeñeira municipal D^a Uxía Landeira Pereira "Reforzo do firme da estrada de Gándara (Oleiros) - Riveira", para participar no citado plan marco.

2.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo, Antonio Javier Jesús Freire Brión**, de data 06/02/2018, en relación á Resolución da Axencia de Turismo de Galicia do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. (DOG do 31/01/2018)

Vista a documentación que consta no expediente.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención á Axencia de Turismo de Galicia Xunta de Galicia) por importe de 5.200€, para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos, da contratación de 1 persoa como “Técnico da oficina de información Turística”, durante tres meses, e cunha xornada de 40 horas semanais, sendo os custos salariais totais os seguintes (segundo o informe do interventor do Concello de Riveira de data 06/02/2018):

NÚM. TRAB	OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS			
		SALARIO BRUTO	PRORRATA PAGA EXTRA	TOTAL	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL 32,75 %	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	Tco. Turismo	1348,49 €	194,64€	1.543,13	505,38	2048,50	3 M	40 h/sem	6.145,53€

Segundo.- financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro da citada convocatoria (segundo o informe de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado, do interventor do Concello de Riveira de data 06/02//2018).

3.- Vista a proposta presentada polo **Arquiveiro Municipal, José Antonio Otero Sobrido**, co visto e praxe do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 05/02/2018, en relación á Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 13 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG núm. 14 do 19/01/2018)

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha axuda, ao abeiro da orde citada anteriormente, para o desenvolvemento do proxecto “**Descrición de fondos documentais históricos do Arquivo Municipal do Concello de Riveira segundo a metodoloxía arquivística** (integración no sistema de arquivos da Xunta de Galicia”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde.

4.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 06/02/2018, en relación á Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os





criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, publicada no DOG núm. 9, de data 12 de xaneiro de 2018.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro: Formular as seguinte solicitude de subvención:

- Liña de concorrencia non competitiva para a realización da obra que se recolle no proxecto “Melloras na rede de saneamento na Rúa Galicia e na Rúa da Barreira”, redactada pola Enxeñeira Municipal, D^a. Uxía Landeira Pereira, de data febreiro 2018, cun orzamento total de 7.759,46€ (IVA engadido).

Segundo: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde.

AUTORIZACIÓNS TEMPORAIS PARA INSTALACIÓN DE POSTOS DE QUIOSCOS E TERRAZAS EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO ENTORNO DAS PRAIAS DE CORNA (1), COROSO (2), PUNTA TOURO (1), AMEIXIDA (1) E MOSQUEIROS (1), TEMPADAS 2018, 2019, 2020 E 2021

Vista a dificultade para obter autorización para instalacións de tempada en zona de Dominio Público Marítimo Terrestre, especialmente en determinadas zonas do litoral como as praias de Corna e Coroso.

Dado o interese que pode ter a utilización dos terreos municipais próximos ás praias de Corna, Coroso, Touro-Punta Touro, Ameixida e Mosqueiros, para a instalación de ata seis postos de quioscos de tempada de verán que dean servizo aos usuarios das mencionadas zonas habilitadas para o baño, e á cidadanía en xeral.

Visto o documento “PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021”.

Vista a providencia de Alcaldía de data 15 de xaneiro de 2017 mediante a que se dispón que polos Servizos Técnicos, se emita informe sobre a viabilidade das seguintes instalacións:

- Praia de Corna (posto único)
- Praia de Coroso (postos números 1 e 2)
- Praia de Touro-Punta Touro (posto único)





Praia de Ameixida (posto único)

Visto o informe emitido polo aparelador municipal, de data 17 de xaneiro de 2018, ao respecto da adxudicación dos postos referidos para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal, no que se conclúe: *"(...) Analizados los antecedentes y el contenido del pliego de condiciones económico administrativas que regirán la adjudicación por vía de urgencia de seis puestos para instalación de temporada en terrenos de titularidad municipal en las temporadas de verano 2018, 2019, 2020 y 2021 se informa que no existe inconveniente para su autorización en las condiciones de dicho pliego."*

Visto que as superficies a ocupar forman parte de terreos de titularidade municipal e preténdese outorgar autorización administrativa de uso privativo dos devanditos bens de dominio público.

Visto que as ocupacións previstas cumpren coas condicións e límites que recolle o artigo 2.2.i) do Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre para os establecementos expendedores de comidas e bebidas ao servizo da praia.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 22/01/2018, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015 (ditado ao abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **adopta os seguintes acordos:**

Primeiro. - Que se incorpore ao expediente a documentación oportuna (providencia da Alcaldía, informes técnicos, pregos de prescricións...).

Segundo. - Que se aprobe o documento denominado "PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021", de data 8 de xaneiro de 2018, que rexerá a tramitación do expediente de autorizacións para ocupacións temporais de seis postos de quioscos e terrazas en terreos de titularidade municipal no entorno das praias de Corna (1 posto), Coroso (2 postos), Touro-Punta Touro (1 posto), Ameixida (1 posto) e Mosqueiros (1 posto), durante as tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021).

Terceiro. - Que se aprobe o expediente e se dispoña a apertura do procedemento de licitación.

Cuarto. - Que se remita o acordo adoptado para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e na páxina web oficial do Concello de Riveira para xeral coñecemento.



PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021.

1º.- Obxecto.

O Concello de Riveira convoca unha licitación coa finalidade de proceder á adxudicación para ocupación temporal da superficie necesaria para a instalación de seis postos destinados a quioscos de hostalería non permanentes (con terraza) en terreos de titularidade municipal, fóra do Dominio Público Marítimo-Terrestre (en adiante D.P.M.T.):

POSTO	LOCALIZACIÓN	SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO D.P.M.T.	SUPERFICIE (m ²)
Área Recreativa de Modorróns	Praia da Corna, Palmeira	Si	20
Coroso 1	Praia de Coroso, proximidades CEIP	Si	20
Coroso 2	Praia de Coroso, proximidades posto SOS	Si	20
Punta Touro	Punta Touro, Riveira	Si	20
Ameixida	Lugar de Ameixida, Castiñeiras	Non, dominio público municipal	20
Mosqueiros	Praia de Mosqueiros, Castiñeiras	Si	20

Considerando que se trata dun uso común especial dos bens de dominio público e que se debe limitar o número de autorizacións, é intención deste Concello conceder as autorizacións para a ocupación das superficies definidas para os postos relacionados anteriormente, polo que procede a abrir o proceso de licitación.

As localizacións dos diferentes postos defínense de forma gráfica no anexo I.

Os solicitantes dos postos localizados en zona de servidume de protección de costas que resulten seleccionados con arranxo ao establecido nestas bases non obterán dereito de uso sobre dos mesmos ata que obteñan a correspondente autorización da Administración competente, que tramitarán pola súa conta anualmente.

O solicitante do quiosco localizado en dominio público de titularidade municipal que resulte seleccionado con arranxo ao establecido nestas bases obterá directamente o dereito temporal de uso sobre o mesmo.

2º.- Superficie de ocupación.

Os límites máximos de superficies que se poderán ocupar cos postos (incluídas as terrazas) son os referidos no punto primeiro deste prego.

A fixación dos postos será de acordo cos planos das localizacións realizados polos Servizos Técnicos Municipais (anexo I). No momento da formalización de solicitudes polos particulares indicarán a superficie efectiva que pretenden ocupar, sen prexuízo de que o prezo base se calcule en función da superficie máxima autorizable.

3º.- Prazo da autorización municipal de ocupación temporal.



O prazo da autorización para ocupar os terreos de titularidade municipal será o seguinte:

PRAZO	TEMPADA
4 meses (do 1 de xuño ao 30 de setembro)	2018
4 meses (do 1 de xuño ao 30 de setembro)	2019
4 meses (do 1 de xuño ao 30 de setembro)	2020
4 meses (do 1 de xuño ao 30 de setembro)	2021

As instalacións deberán desmontarse e retirarse ao finalizar a tempada de verán de cada anualidade.

Os adxudicatarios deberán tramitar a correspondente autorización en servidume de protección do D.P.M.T. ante o Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, agás o adxudicatario do posto de Ameixida, localizado fóra da zona de servidume de protección do D.P.M.T.

4º.- Prezo base.

Os prezos base de licitación serán os indicados na ordenanza fiscal municipal B.2.8 (13,834541 €/m²), e poderán ser mellorados polos licitadores nas súas ofertas.

Tempada 2018. Período de autorización: 4 meses.			
Superficie (20 m ²)	Prezo por m ² (€)	Trimestre (€)	2 Trimestres (€)
Primeiros 10 m ²	13,834541	138,35	276,69
Seguintes 10 m ²	16,601449	166,01	332,03
	TOTAL	304,36	608,72

Tempada 2019. Período de autorización: 4 meses.			
Superficie (20 m ²)	Prezo por m ² (€)	Trimestre (€)	2 Trimestres (€)
Primeiros 10 m ²	13,834541	138,35	276,69
Seguintes 10 m ²	16,601449	166,01	332,03
	TOTAL	304,36	608,72

Tempada 2020. Período de autorización: 4 meses.			
Superficie (20 m ²)	Prezo por m ² (€)	Trimestre (€)	2 Trimestres (€)
Primeiros 10 m ²	13,834541	138,35	276,69
Seguintes 10 m ²	16,601449	166,01	332,03
	TOTAL	304,36	608,72

Tempada 2021. Período de autorización: 4 meses.			
Superficie (20 m ²)	Prezo por m ² (€)	Trimestre (€)	2 Trimestres (€)
Primeiros 10 m ²	13,834541	138,35	276,69
Seguintes 10 m ²	16,601449	166,01	332,03
	TOTAL	304,36	608,72

As cotas establecidas na tarifa anterior serán aplicadas integramente aos 10 primeiros m² de cada ocupación. Cada m² en exceso sufrirá un recargo do 20% na contía correspondente segundo a tarifa.

Para a determinación da superficie computable, ademais da superficie ocupada estritamente polo quiosco, terase en conta a superficie anexa utilizada para exposición. A superficie redondearase sempre en exceso.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

As contías establecidas na tarifa serán incrementadas nun 30% cando nos quioscos se comercialicen artigos en réxime de expositores en depósito.

O Concello aprobará os importes a abonar pola exacción desta taxa, de acordo co previsto na norma tributaria.

A renuncia, aínda por causas xustificadas, do posto unha vez adxudicado no prazo de dez (10) días hábiles contados dende o día seguinte ao da notificación da adxudicación, estimarase como incumprimento e non implicará dereito algún a devolución das cantidades ingresadas, sen prexuízo da aplicación das normas previstas no Regulamento de contratación.

A renuncia do posto unha vez adxudicado e transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles establecido no parágrafo precedente non será válida nin poderá admitirse pola Administración e implicará a obriga do adxudicatario a aboar o canon ofertado correspondente á primeira anualidade, con independencia de que instale o quiosco ou non. No caso de falta de pagamento do canon no prazo sinalado na base novena, considerarase débeda coa Administración, que poderá reclamala a través dos medios de execución forzosa legalmente establecidos.

5º.- Presentación de ofertas.

O prazo de presentación de ofertas será de quince (15) días hábiles desde a publicación do anuncio da licitación no BOP.

O importe do anuncio de licitación será por conta dos adxudicatarios e cobrado entre estes de forma proporcional.

6º.- Normas de procedemento para a adxudicación.


Dentro do prazo establecido no apartado anterior, as persoas interesadas poderán presentar, en sobre pechado:

- A súa oferta económica segundo o modelo contido no Anexo II destas bases, podendo ofertar por varios postos pero tendo en conta que só se adxudicará un posto por licitador. A tales efectos, polos ofertantes farase constar a orde de preferencia na licitación, pasando a continuación, ao seguinte na poxa por dito posto.
- Copia do DNI / CIF.
- Fotografía, infografía ou esbozo da instalación que pretenden realizar.
- A declaración responsable achegada como Anexo III a este prego.

Unha vez realizada a licitación, se un dos adxudicatarios renunciase ao posto, este adxudicaríase ao ofertante seguinte que máis se aproximase á oferta anterior para o mesmo posto. O prezo da adxudicación será o ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

A oferta deberá expresarse en euros e comprenderá o canon que propón o licitador por cada tempada. O importe do canon ofertado será o mesmo para as distintas tempadas: 2018, 2019, 2020 e 2021.

No caso de que algún dos postos non recibise ningunha oferta por parte de ningún licitador, ou recibise unha oferta que non pode ser tida en conta porque o licitador resultase adxudicatario doutro posto, realizarase un procedemento abreviado no que poderán participar os licitadores que non resultaran adxudicatarios de ningún posto, podendo formular oferta en sobre pechado polo rexistro no prazo de dous días hábiles posteriores á data de celebración da Mesa de contratación. Para a adxudicación do posto que inicialmente quedara deserto utilizaranse os mesmos criterios que os utilizados inicialmente para o resto de postos na primeira licitación.





7º.- Adaptación ao entorno.

A tipoloxía das instalacións temporais e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe. Atendendo á necesaria adaptación ao entorno no que se van instalar os postos deberán ser de madeira integramente ou, como mínimo, estarán revestidos exteriormente nese material.

Non se admitirán as propostas que incumpran esta condición.

8º.- Apertura das ofertas recibidas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, convocarase a Mesa de contratación, aos efectos de clasificar as ofertas recibidas e posterior remisión da proposta de adxudicación ao Órgano de Contratación.

9º.- Adxudicación.

Unha vez que a Mesa de contratación formule a proposta de adxudicación dos postos, requirirase aos licitadores para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presenten:

- ☐ Garantía ou fianza: documento acreditativo de constitución da garantía ou fianza na Tesourería municipal segundo importe que lle corresponda establecido no artigo 10º.


Sen este ingreso, non adquirirá firmeza a adxudicación realizada. Todo iso sen prexuízo das competencias da administración autonómica en materia de Costas, ante a que deberán solicitar autorización individualmente os adxudicatarios dos postos das praias da Corna, Coroso, Punta Touro e Mosqueiros, en cada tempada.

10º.- Obrigas dos adxudicatarios.

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:

- a) Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto.
- b) Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2021). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir.
- b) Os candidatos á adxudicación dos postos non poden ter pendentes débedas co Concello de Riveira, e a tal fin presentarán a correspondente certificación.
- c) De conformidade coa Lei de Costas e o seu Regulamento, os adxudicatarios dos postos de Corna, Coroso, Touro-Punta Touro e Mosqueiros deberán tramitar a correspondente autorización para instalar o quiosco na zona de servidume de protección ante o Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- d) É obriga dos adxudicatarios facerse cargo da parte proporcional que lles corresponda do importe do anuncio de licitación, de ser o caso.





e) Pagar as taxas recollidas na Ordenanza fiscal número B.1.12 por recollida de residuos, mediante domiciliación bancaria xunto co canon ofertado.

2) *Limpeza.*- Con carácter xeral, todos os adxudicatarios estarán obrigados a efectuar o depósito de desperdicios de lixo derivados da súa actividade nos contedores de recollida de residuos municipais máis próximos, no horario previsto na Ordenanza municipal de limpeza, e nas condicións que sinala a normativa (os residuos recolleranse en bolsas debidamente pechadas e farase a separación por fraccións segundo o modelo de xestión implantado). O adxudicatario deberá ter o contorno do seu posto en perfecto estado de limpeza.

3) *Fiscais.*- Xunto coa súa oferta, os licitadores deberán achegar unha declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia fiscal e de Seguridade Social así como de non estar incurso en causa algunha que lles impida contratar coa administración, de conformidade co previsto na lexislación de contratos das Administracións Públicas. Os adxudicatarios, de forma previa ao inicio da actividade, deberán achegar o recibo da licenza fiscal co epígrafe correspondente da actividade de que se trata.

4) *Carné de manipulador de alimentos.*- Os adxudicatarios deberán dispoñer de carné de manipulador de alimentos, expedido pola administración competente.

5) *Instalación eléctrica.*- O tendido eléctrico, por conta do adxudicatario, deberá ter as máximas condicións de seguridade, sendo da súa responsabilidade os danos que fosen causados a persoas ou bens por deficiencias na instalación.

6) *Situación das instalacións.*- A situación das instalacións deberá axustarse estritamente á localización que se sinala na autorización.

7) *Quioscos.*- Queda totalmente prohibida a execución de obras de fábrica de calquera natureza. **A instalación deberá realizarse con sistemas e/ou materiais facilmente desmontables, nobres e de boa presenza, manténdooos en boas condicións e desmontándooos ao finalizar o período de autorización. Así, os postos non poderán contar con publicidade. Para os efectos de coñecer as propostas de instalación, os interesados no momento de presentación da oferta deberán achegar unha fotografía, infografía ou esbozo da instalación que pretenden realizar.** No caso de que non a xuntasen, e sendo o caso de presentar a mellor proposta económica, o Concello deberá requirirille esta documentación antes de emitir a proposta de adxudicación, tendo polo tanto esta eiva na entrega da documentación carácter emendable.

8) *Autorización.*- A autorización pola que se permite a ocupación temporal dos terreos de titularidade municipal para a instalación de quioscos con terraza nas praias antes citadas, ten carácter condicional e precario, polo que a Corporación, en calquera momento, poderá acordar o desmantelamento dos postos se non se cumpren as condicións establecidas, ou ben, por motivos de interese público.

A autorización municipal non exime de obter as demais autorizacións, licenzas e permisos que legalmente podan ser esixibles.

De conformidade co previsto no artigo 61.3º do Regulamento de bens das entidades locais, non serán transferibles as licenzas que se refiran ás calidades persoais do suxeito ou que teñan limitado o seu número.

9) As instalacións temporais deberán permanecer abertas ao público de xeito que presten o servizo para o cal foron autorizadas, non podendo permanecer pechadas máis de 3 días consecutivos, implicando esta falla de utilización do permiso, a caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza por incumprimento. Queda fixado tamén un horario de apertura e peche das instalacións, aplicable durante todos os días da semana, de xeito que a apertura realizárase a partir das 11 horas e o peche non poderá ir máis aló das 23 horas. Considerarase incumprimento deste horario o feito de que a instalación permaneza pechada





durante máis de 3 días consecutivos durante o horario de mañá (das 11 ás 16 horas) ou de tarde (das 16 ás 23 h), e posibilitará a declaración de caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza, xa que en todo caso a natureza das instalacións é para que dean servizo á praia durante todo o día.

10) De conformidade co establecido no artigo 91 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, a tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregadas deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.

Extinguida a autorización, o titular está obrigado a retirar fóra da zona de servidume de costas e fóra do dominio público municipal as instalacións correspondentes no prazo de dez (10) días, cando así o determine a administración competente e, en todo caso, ao final da tempada, así como a restaurar a realidade física alterada.

Serán causa de caducidade, parcial ou total, desta autorización, as seguintes:

- A alteración dos usos autorizados.
- Aumento da ocupación autorizada en máis dun 10%.
- Almacenamento exterior de materiais ou depósitos de residuos das explotacións.
- Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- A instalación de fosas sépticas non autorizadas.
- Incumprimento das obrigas e condicións desta autorización e, no caso dos postos localizados en zona de servidume de protección de costas, o incumprimento de calquera das condicións establecidas na normativa aplicable.

11) *Dereito supletorio*. - No non previsto neste prego, será de aplicación o disposto na normativa xeral aplicable.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2017-2018

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 07/02/2018, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2017-2018

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Martínez Rivas, Iván

53482443Z

APROBACIÓN DE CONVENIO DE COMODATO PARA REGULARIZACIÓN DE PRÉSTAMO PARA A SALA-MUSEO MUNICIPAL

Vista a proposta do Técnico da Sala-Museo Municipal de Riveira, Miguel Ángel Vidal Lojo, de data 07/02/2018, para a aprobación dun Convenio de Comodato coa finalidade de regularizar o proceso de préstamo para a Sala-Museo





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Municipal de Riveira do obxecto denominado “Fonte oval de louza policromada do buque Santa Isabel”, propiedade de Elvira Pisos Arnoso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** o Convenio de Comodato entre o Concello de Riveira e Elvira Pérez Arnoso para regularizar o proceso de préstamo para a Sala-Museo Municipal de Riveira do obxecto denominado “Fonte oval de louza policromada do buque Santa Isabel”

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, oito de febreiro de 2018

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle